



O Centro de Investigacións Mariñas: 50 anos de investigación sobre o medio mariño en Galicia

Carlos Gabín Sánchez

Director do Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar desde 2017. Licenciado en ciencias biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1985). Postgrado en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago (2004). Funcionario da Xunta de Galicia desde 1996 con ampla experiencia na xestión dos recursos mariños e na acuicultura de moluscos bivalvos.

No ano 1975 comeza a súa andadura como referente da investigación en materias relacionadas co medio mariño de Galicia o Centro Experimental de Vilaxoán; que posteriormente será denominado Centro de Investigacións Mariñas.

O Cima está formado polo Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova de Arousa) e o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo.

No seu 50 aniversario o Centro de Investigacións Mariñas (Cima) configúrase como un organismo público de investigación galego que ten por misión principal realizar actividade investigadora relacionada co medio mariño e os recursos mariños vivos que nel habitan, nos ámbitos da pesca, do marisqueo e da acuicultura; encamiñada a conseguir unha xestión racional dos recursos mariños vivos e a permanencia dos ecosistemas mariños no ámbito xeográfico de competencia da administración de Galicia. E deste xeito, poder devolver todo este coñecemento cara á sociedade e en particular nos sectores primarios da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

O Cima focaliza a súa actividade en desenvolver proxectos de I+D+i e asesorar en materias de pesca, marisqueo, acuicultura e ecosistemas mariños á administración autonómica e aos colectivos que viven de aproveitar do mar; así como realizar, de xeito puntual e ocasional, tarefas de formación de persoal técnico e persoal de investigación nestas áreas.

Como resultado desta operativa, o Cima configúrase como un organismo público de investigación galego que se estrutura en función das prioridades demandadas pola administración autonómica relativas á actividade investigadora sobre o medio mariño e as especies animais e vexetais que nel residen e, particularmente, as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía; dentro do territorio de competencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, dedica parte da súa actividade á formación de novas persoas investigadoras e técnicos/as de laboratorio, a través de programas que permiten a súa incorporación á actividade científica do centro. Participa nos programas de formación para os técnicos medios e superiores en acuicultura en colaboración co Instituto Galego de Formación en Acuicultura, realizando as titorías de final de ciclo; convoca bolsas de formación en investigación mariña para persoal técnico de laboratorio e para persoal titulado superior. Tamén colabora en programas de formación especializados promovidos polas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

A continuación faise un breve percorrido pola actividade das principais áreas de investigación do Cima.

Área de recursos mariños vivos:

Os cambios que se están a producir nas características do medio mariño afectan aos ecosistemas e ás poboacións de moluscos, percebe, ourizo de mar e macroalgas que habitan tanto en substratos brandos (areais) como en substratos duros (rochas). O coñecemento do estado de situación das poboacións; da dinámica destas e do grao de impacto que ten o seu aproveitamento, son básicos para o deseño de plans de xestión destas especies.

Dentro desta actividade é de destacar os traballos realizados sobre as poboacións de moluscos e as áreas de extracción nos bancos de libre marisqueo das rías de Vigo, Pontevedra, Arousa e Ares-Betanzos. Estes traballos permiten coñecer o estado das poboacións e a dinámica de evolución destas. Tamén permiten coñecer a distribución dentro dos bancos e a composición do substrato no que moran.

Outra das actividades que realiza este equipo é o seguimento das poboacións de semente de mexillón que se asentan no litoral rochoso de Galicia. Despois de máis de tres anos traballando nesta liña o coñecemento adquirido permite ter unha clara imaxe das zonas nas que se distribúe esta mexilla. Complementariamente, esta actividade permite coñecer a súa convivencia co percebe, recurso este último cun importante valor comercial.



Unha terceira actividade está relacionada co seguimento das poboacións de tres macroalgas, a súa distribución polo litoral e as áreas de asentamento. Con esta tarefa o que se pretende é coñecer como a presenza de especies de algas foráneas está a influír sobre as zonas que colonizan.

Acuicultura:

En Corón (Vilanova de Arousa), desenvólvense tres accións de investigación relacionadas co cultivo de mexillón. Por unha banda, estase a estudar a problemática do desprendemento de mexillón en cultivo en dúas zonas da ría de Arousa e por outra está en desenvolvemento o seguimento da captación de semente na ría de Muros- Noia.



Instalacións do Centro de Investigacións Mariñas en Corón, Vilanova de Arousa.

Na actualidade estase a investigar na adaptación do salmonete como nova especie cara a acuicultura de peixes mariños, agárdase que esta especie poida cultivarse en sinerxía con peixes planos.

En Ribadeo (Lugo), trabállase na acción de investigación dirixida a atopar medios para a loita contra a contaminación biolóxica dos cultivos de larvas de moluscos bivalvos.



Instalacións do Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo, Lugo.

Dde xeito conxunto, o persoal de investigación destes dous centros traballa na optimización dos procesos de produción de microalgas en sistemas de fotobiorreactores e na adquisición de coñecemento para a criopreservación de gametos e larvas de invertebrados mariños, para a súa recuperación no proceso de cultivo larvario.

Dependendo do Centro de Ribadeo atópase a instalación criadeiro baixo cuberta lixeira do Vicedo. O funcionamento desta instalación está pendente de dotación orzamentaria e selección de persoal técnico para a súa posta en funcionamento.

Procesos oceanográficos costeiros

O obxectivo da área é o coñecemento daqueles aspectos da oceanografía relacionados coa produción dos recursos pesqueiros e marisqueiros de Galicia. As liñas de investigación relaciónanse principalmente con episodios de toxicidade e floracións algais nocivas.

Coñecidos os procesos de acumulación por parte do mexillón dunha biotoxina mariña lipofílica producida por dinoflaxelados, agora estase a investigar os mecanismos de depuración destas toxinas; os resultados que se alcancen con esta investigación serán chave para abordar futuras medidas que axuden a paliar os impactos socioeconómicos causados por episodios tóxicos de DSP.

Patoloxía de moluscos

Este grupo traballa fundamentalmente en diagnosticar as enfermidades máis frecuentes en berberecho, cadelucha, mexillón, ameixas e ostra. Os traballos tratan de vincular a diagnose e as medidas profilácticas para as diferentes zonas xeográficas do litoral de Galicia.

Coñecer a situación sanitaria das diferentes poboacións naturais é fundamental para articular medidas de xestión dirixidas á súa conservación e explotación sostíbel. O coñecemento do estado sanitario das especies de moluscos bivalvos achega datos importantes tanto para a adopción de medidas, fundamentalmente preventivas que impidan a diseminación de patoloxía infecciosas a outras zonas do noso litoral, como para o desenvolvemento do seu cultivo.

De xeito complementario, este grupo esta estudando a dinámica da marteiliose que afecta aos bancos de berberecho, a fin de comprender mellor esta enfermidade e paralelamente desenvolver medidas que axuden a mellorar a xestión dos bancos naturais desta especie.

O Cima participa intensamente na Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia (Redemar), e na actualidade está liderando cinco accións de investigación relacionadas co aproveitamento dos recursos mariños vivos, a recuperación das poboacións de ostra plana na enseada de San Simón ou no estudo preliminar do comportamento das poboacións de ouxas.

O Cima é un referente nacional, europeo e internacional en todos estes campos de actuación, contando cun recoñecemento nos cinco continentes dos seus equipos de investigación que son citados e mencionados en revistas de alto impacto científico. Tamén son requiridos para formar parte de candidaturas para proxectos europeos ou en Latinoamérica.

